

Memoria xustificativa da addenda ao convenio de colaboración entre a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo e a Secretaría Xeral da Emigración (Actual Consellería de Emprego, Comercio e Emigración) para a promoción do Camiño de Santiago desde as entidades galegas no exterior.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

No artigo 49 deste decreto establécese que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden, entre outras, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude; en particular, son competencias desta secretaría xeral as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.

O 9 de febreiro de 2022 asinouse un convenio de colaboración entre a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo e a Secretaría Xeral da Emigración para a promoción do Camiño de Santiago desde as entidades galegas no exterior.

Conforme o previsto no artigo 7 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, as relacións entre os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia están suxeitas aos principios de cooperación, colaboración e asistencia recíprocas a fin de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos. Con esta finalidade, poden asinar convenios e protocolos de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado.

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, constituída o 13 de novembro de 1991, é unha sociedade anónima de capital público da Xunta de Galicia que comprende dentro do seu obxecto social, entre outras, as seguintes actividades:

- a) As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago e entidades de promoción da cultura xacobeá, así como as propostas de actuacións no ámbito da promoción, mantemento e conservación do Camiño de Santiago.
- b) A planificación, programación, proposta, e, se é o caso, execución de actuacións para a promoción e organización dos actos que se desenvolvan con motivo dos anos santos xacobeos.



c) O asesoramento aos distintos departamentos, entidades e comisións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento das actuacións que leven a cabo con motivo dos anos santos xacobeos.

As comunidades galegas, os centros e as casas de Galicia no exterior son asociacións nas que tradicionalmente se reúnen as persoas emigrantes e as súas familias para manter vivos os costumes que nos son propios e reforzar os lazos sociais e culturais. Arredor destas asociacións xúntase un gran número de persoas galegas, que son as axentes principais a través das que Galicia fomenta a súa cultura. Nestas asociacións, que contan na súa maioría con instalacións propias, existe un crecente interese polo coñecemento do Camiño de Santiago.

Neste contexto, as partes asinantes coinciden en que é necesario xuntar esforzos e exercer unha colaboración que permita que a comunidade galega no exterior coñeza o Camiño de Santiago e o fenómeno do Ano Santo Xacobeo, e poida colaborar na súa promoción e difusión nos lugares nos que teñen a súa sede, mediante a súa adhesión voluntaria ás previsións deste convenio.

Xa que logo, é vontade das partes prorrogar o convenio, cuxa vixencia finaliza o 9 de febreiro de 2026, por un período de catro anos máis ata o 9 de febreiro de 2030.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

